

Latexos. Memoria descriptiva.

Con esta peza audiovisual queremos poñer en valor o toque de campás, recentemente nomeado patrimonio da humanidade, e, en concreto, das Campás de Bastavales, en Brión, reflectidas no poemario *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, como patrimonio inmaterial de gran riqueza.

O toque de campás manual, aínda vivo en Galicia, é un medio de comunicación: contan festas, funerais, nacementos, incendios... Esta tradición foi amplamente mencionada nas obras literarias de grandes poetas.

No noso vídeo *Latexos* buscamos reflectir a importancia e o valor do intanxible, como é o singular son das campás do rural galego, máis concretamente, das campás de Bastavales. Mentres esta tradición se manteña viva, as xeracións presentes e futuras, poderemos e poderán desfrutar dunha tradición secular que chegou ate os nosos días e esperamos que continúe.

Na nosa entrevista con Manuel Patrón, o campaneiro de Bastavales dende hai uns anos, explicounos acerca dos distintos toques de campás. Actualmente os toques máis empregados e de maior importancia son os toques das horas, que inician as horas e son repetidos dúas veces; o repenique, o cal é o toque de festa, é un dos poucos toques para os que empregan tres campás e so se pode tocar manualmente, a diferenza do anterior; o toque de defunto, para este tamén se empregan as tres campás, son nove toques, para un home con tres repeticións e para unha muller ou un neno/a son dúas, dependendo da zona; tamén é de gran importancia o tentenublo, o cal se toca en caso de incendio, para avisar á veciñanza e pedir axuda, ou de tormenta, debido a que antigamente se pensaba que servía para espantar o perigo que estaba a acontecer.

Estes toques son os que intentamos representar no noso vídeo, vendo como as campás forman parte do noso día a día. O son das campás é moi significativo do rural galego e forma parte dunha longa e preciosa tradición, porén o feito de que fose proclamado patrimonio da humanidade é moi importante. Isto permitirá que se sega a conservar e que as seguintes xeracións teñan a oportunidade de poder vivilo e de mantelo vivo.

A gran poeta galega, Rosalía de Castro, foi no seu tempo veciña da parroquia de Bastavales, de aí o poema *Campanas de Bastavales*. Porén, foi un enorme orgullo para todos nós ter a sorte de poder estar no campanario da igrexa o día de Rosalía. Dende o alto campanario puidemos ver o fogar onde a poeta residiu, unha casa de pedra nunha pequena aldea preto da igrexa. Nese increíble campanario tivemos a sorte de poder presenciar o toque do repenique tocado por aquelas fermosas campás de máis de cen anos. Foi unha maneira moi especial de celebrar o día, tamén puidemos visitar a igrexa co son da Galicia tradicional, os gaiteiros.

Para facer posible esta gravación formámonos acerca dos distintos tipos de ángulos e movementos de cámara, facendo actividades. Algúns de nós tamén atendemos un pequeno obradoiro onde aprendemos a voar e a gravar con drons. Pero para facer todo isto posible

tamén comezamos facendo *storyboards*, para que unha vez aprendidos puidésemos facer de maneira correcta o noso vídeo.

Queremos agradecer a toda a xente que axudou a darlle vida ao noso vídeo *Latexos*. A Manuel Patrón, o campaneiro da igrexa de San Xulián de Bastavales, ao cal tivemos o pracer de entrevistar e de que nos falase acerca da historia das campás e os toques. Grazas tamén ao Concello de Brión por facilitarnos a gravación do campanario. Ao grupo de gaiteros *Airiños do Petrouto*, que tocaron o día de Rosalía. E a todos os familiares e profesorado que contribuíron e axudaron para poder facer posible este proxecto.